

Visita do Grupo de Desenvolvemente do Rural Ulla Tambre Mandeo

- Asociación sen ánimo de lucro cuxo obxectivo é desenvolvemento comarcal.
- Tres liñas de actuación: diversificar a economía rural, poñer en valor o patrimonio e mellorar a autogobernanza.

Melide, 04 de marzo de 2014

Os mozos participantes de “Aval Xóvenes” puideron coñecer de primeira man as oportunidades que dende o Grupo de Desenvolvemento do Rural Ulla Tambre Mandeo (GDR Ulla Tambre Mandeo) pon a disposición para as iniciativas que dentro do marco rural teñan un carácter innovador.

María Mellid López, técnico do GDR, explicoulles os mozos e mozas cales son as liñas de axudas que dende o Programa LEADER se ofrecen para actividades que xurdan no territorio rural. Dende este programa lévanse a cabo tres liñas de actuación:

- A primeira de las ten por obxectivo a dinamización do sector agrario e forestal.
- A segunda, vai encamiñada a mellora ambiental e do contorno rural.
- Mentres que a última ten por finalidade a diversificación da economía rural e mellora da calidade de vida.

Para cumprir estes obxectivos conta cuns fondos para o 2014 – 2015 de arredor de 1.400.000 € a repartir entre as distintas liñas de actuación e os diferentes proxectos. Entre os proxectos beneficiados o ano pasado están unha fábrica artesanal de iogur (Touro), unha explotación de arando (Melide), a produción e comercialización de elementos decorativos en breixo (Santiso) ou o desenvolvemento da agricultura ecolóxica (Vilasantar) entre outras. O prazo de solicitude destas axudas comezou o pasado 12 de marzo e remata o 31 de marzo de 2015.

Ademais, María, preocupouse polos proxectos que están a desenvolver os mozos de “Aval Xóvenes” e todos lle pareceron moi interesantes e con moitas posibilidades de poder acceder as axudas que eles ofrecen e os participantes mostraáronse moi interesados no que lles contou.

Para mais información ou poder acceder a convocatoria de axudas 2014- 2015 o GDR Ulloa Tambre Mandeo está en Avda Lugo 41, Pedrouzo-O Pino. O seu tlf é 981.511.377 é a través de internet pódese contactar con eles a través de utm23gdr@yahoo.es e o seu blog <http://ullatambremandeo.blogspot.com.es>